



**novos tempos**

Iván Puentes  
Candidato a Alcalde de Fene

Resumo do

# programa de goberno



**municipais Fene 2007**





**novos tempos**  
EN FENE

Estimada veciña: Estimado veciño:

Como xa sabes, o 27 de maio celébranse eleccións municipais e ti tes a oportunidade de decidir, co teu voto, a composición política do noso concello para os vindeiros catro anos.

Quero animarte a participar nestes comicios, que son especialmente importantes porque o concello é a administración máis próxima ao cidadán, pero tamén porque, seguro que coincidirás comigo, Fene necesita dun novo goberno que transforme o noso pobo, que traia novas ideas, novas políticas e que, sobre todo, escoite e fale cos veciños/as. A candidatura do PSdeG-PSOE, que teño a honra de encabezar, está disposta e preparada para facer realidade eses novos tempos.

Somos conscientes da importancia que teñen estas eleccións para o futuro de Fene, e por iso os socialistas elaboramos un ambicioso programa electoral, que queremos que sexa o noso compromiso contigo. Este documento que tes nas túas mans é un breve resumo das moitas ideas que o Partido Socialista ten para poñer en marcha nos próximos catros anos.

Queremos, coa túa axuda, sanear a alarmante débeda do Concello, cubrir en tódalas parroquias os servizos básicos de auga, saneamento, alumbeado e pavimento de camiños ou apostar pola participación cidadá. O emprego será a preocupación fundamental do novo goberno socialista, xa que só así lograremos que o noso pobo avance e que a mocidade non teña que marchar de Fene.

Temos tamén que ordenar moito mellor o urbanismo, pensando máis nos veciños de Fene e pensando tamén en tódalas parroquias. Queremos crear máis zonas verdes e espazos públicos, recuperando a nosa costa, vivendas sociais e máis vivenda de protección, transporte público entre as diferentes zonas do concello, o turno de noite da Policía Local, facer políticas específicas pensadas por e para os mozos e mozas ou facer de Fene un concello sostible dende o punto de vista medioambiental.

O futuro de Fene poder ser moito mellor que o seu presente e farémolo realidade colaborando, non confrontando, dende o Concello coas demais institucións. Por todo iso, pídoche o teu voto para a candidatura do PSdeG-PSOE, co compromiso de construír, entre todos e todas, un Fene mellor.

Un afectuoso saúdo.

Iván Puentes Rivera  
Candidato á alcaldía de Fene



1

Iván Puentes  
- Perlió -  
Licenciado en Publicidad e  
Relacións Públicas



2

Antón Lois Noceda  
- Fene -  
Técnico de Cultura



3

Carmen Silvar  
- Barallobre -  
Administrativa



4

Manolo López  
- Sillobre -  
Prexubilado de IMENOSA



5

Amalia García  
- San Valentín -  
Autónoma



6

Manuel A. Rodríguez  
- Fene -  
Delineante de Navantía



7

Jose Antonio López  
- Fene -  
Farmacéutico



8

Juan Manuel Lourido  
- Barallobre -  
Xefe de Taller en Navantía



9

Rocío Rey  
- Limodre -  
Acompañante Transporte  
Escolar



10

Pili Piñón  
- Perlió -  
Dependenta



11

Alberto Doce  
- Sillobre -  
Empresario



12

Antonio Seoane  
- Maniños -  
Prexubilado de Navantía



13

Manuel Allegue  
- Perlió -  
Xubilado



14

María José Fachado  
- Fene -  
Licenciada en Ciencias  
Políticas



15

Laura Cruz  
- Fene -  
Autónoma



16

Matilde Castro  
- Fene -  
Ama de Casa



17

Francisco Meizoso  
- Perlió -  
Prexubilado de Navantía



1ª

suplente

Marina Pérez  
- Perlió -  
Administrativa



2º

suplente

Carlos Rey  
- Fene -  
Bombeiro



3ª

suplente


Vanesa Cortizas  
- Fene -  
Auxiliar Administrativa



4º

suplente

Bruno Carballo  
- Fene -  
Economista



5ª

suplente

María José Rodríguez  
- Fene -  
Desempregada

# Candidatura

PSG  
DE  
PSOE



## URBANISMO, OBRAS E VIVENDA

---

- **Zonas Verdes.** Precisamos dun verdadeiro parque, dunha gran zona verde, que empezaremos a desenvolver nesta lexislatura, que inclúa parque infantil, parque para a terceira idade, zonas verdes, puntos de encontro, zonas de xogo, circuítos de saúde... Temos tamén que completar o Parque Lineal do Río Cádavo e o Parque Castelao.
- **Fene aberto ó Mar.** Abriremos Fene ó mar, recuperando as praias das rías de Ares e Ferrol e construíndo unha senda peonil que pola costa conecte estes areas co paseo de San Valentín, recuperando para o lecer de todos/as as nosas ribeiras e os peiraos de Perlío, Barallobre e Maniños.
- **Urbanismo Ordenado e Coidado.** Ordenaremos moito máis a construción en Fene e garantiremos que todos e todas teñamos os mesmos dereitos e as mesmas obrigas á hora de construír.
- **Fene, un Pobo Atractivo.** Coidaremos a calidade estética do que se constrúe, tanto dos edificios como das zonas públicas (prazas, parques...) para facer un pobo atractivo e moderno. Temos que deixar de ser un pobo de paso, gris, para ser un pobo no que os feneses nos quedemos tamén a desfrutar e un concello ó que veñan no seu tempo de ocio cidadáns de toda a comarca.
- **Plan Plurianual de Servizos Básicos: Auga, Alcantarillado, Camiños e Alumeado.** Cada ano, a nosa prioridade á hora de investir os cartos do concello será levar a auga e o alcantarillado ás zonas que aínda non os teñen, asfaltar os camiños e mellorar o alumeado público.
- **Vivenda para Todos e Todas.** Poremos a disposición da Xunta e do Goberno Central chan para facer vivendas sociais e protexidas, en propiedade e aluguer, destinadas ás familias con menos ingresos, á xente máis nova e ás mulleres vítimas da violencia de xénero ou soas con cargas familiares.
- **Oficina Municipal da Vivenda.** Este servizo nacerá para a promoción de vivendas públicas, a creación dun parque público de vivendas en aluguer e para a creación dun distintivo de calidade na vivenda, co que os veciños de Fene saberemos en que situación se atopa a vivenda en cuestión, a calidade dos seus materiais...
- **Ronda Oeste e III Fase de Vilar do Colo.** Axilizaremos a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para incluír o novo trazado da Ronda Oeste e a ampliación do polígono industrial de Vilar do Colo.
- **Adaptaremos o Plan de Urbanismo á nova Lei do Solo e corrixiremos diversos erros:** alineacións, límites parroquiais, camiños que xa non aparecen...
- **Convocaremos concursos de ideas sobre os grandes proxectos municipais.**
- **Promoveremos acordos entre empresas para a realización conxunta das diferentes obras que**

**precisen:** auga, sumidoiros, gas, fibra óptica, cable TV, tendido eléctrico soterrado.... Así evitaremos molestias innecesarias aos veciños e aforraremos cartos.

- **Comisións Veciñais de Calidade da Obra Pública.** Para cada obra importante que fagamos, creárase unha comisión veciñal que supervise o resultado. O Concello comprométese a non recepcionar a obra ata que os veciños/as afectados non lle dean o visto bo.
- **Beirarrúas e Sendas Peonís.** Xestionaremos o remate das beirarrúas e/ou construción de sendas peonís nas travesías do Concello de Fene: AC-140 e AC-133 (Estrada da Palma), CP-3503 (Barallobre - San Marcos), mellorando o acceso aos institutos e ó cemiterio, AC-122 (Estrada da Gallada a Limodre), AC-115 (Fene - Neda por Conces), N-651 (Fene - Rego da Moa), CP-3501 (Estrada da Armada), CP-1503 (Sillobre - San Marcos).

Tamén amañaremos as beirarrúas de San Valentín, empezando por reparar a “chapuza” feita na Avenida do Mar coas novas aceras.

- **Mellora da Seguridade nos cruces** das estradas: CP-0401 (Redes-Limodre) coa AC-122 (Limodre-Cabanas) e no da N-651 coa CP-3503 (Rego da Moa).
- **Pasos Elevado e Soterrado en Perlío.** Xestionaremos ante RENFE a construción en Perlío dun paso elevado entre o Cruceiro e Marqués de Figueroa e outro soterrado entre esta mesma avenida e A Torre, que nos permitan salvar a vía do tren e comunicar axeitadamente estas dúas zonas da parroquia.
- **Reorganizaremos o tráfico rodado.** Estableceranse limitacións para a circulación de vehículos pesados e perigosos por dentro do pobo e crearanse rúas de sentido único, como a de Tellerías, que garantan a fluidez e seguridade de vehículos e peóns.
- **Apertura e Reparación de Camiños.** Planificaremos estas obras ó longo da lexislatura e empregando materiais de calidade. Investiremos cartos nos camiños cada un dos catro anos, independentemente de que haxa ou non eleccións.
- **Áreas Recreativas e Parques Infantís.** Iniciaremos a construción de áreas recreativas nas parroquias que aínda carezan delas e melloraremos a dotación e seguridade de tódolos parques infantís do concello, tanto dos de dentro como dos de fóra dos colexios, creándoos onde aínda non os haxa. Elaboraremos tamén un plan anual de mantemento e seguridade de parques, paseos, praias, áreas recreativas, prazas e xardíns.
- **Gas, Telefonía e Redes Eléctricas.** Promoveremos a ampliación da rede de gas ós núcleos das parroquias e ó Polígono de Vilar do Colo. Xestionaremos o cable telefónico para as zonas que aínda carecen del. Impulsaremos o soterramento das liñas de alta e media tensión nos núcleos urbanos. E impulsaremos a mellora do subministro eléctrico nas zonas do concello onde aínda é deficiente.
- **Grandes Infraestruturas.** Demandaremos a construción da Ronda Oeste, para sacar o tráfico do

centro de Fene, o tren de alta velocidade, a axilización da II fase do Porto Exterior de Ferrol e a mellora dos seus accesos, a axilización da autovía Ferrol-Vilalba, que permitirá a nosa conexión coa autovía Transcantábrica, e a da Vía de Alta Capacidade do Ortegal.

## EMPREGO

---

- **Adiante a Vilar do Colo.** No primeiro ano de lexislatura lograremos máis terreo industrial para Fene. Tamén temos que lograr que o terreo xa vendido e aínda deserto se destine de verdade a crear empresas e postos de traballo. Promoveremos e desbloquearemos o Polígono Industrial.
- **Adiante ó Estaleiro.** Ademais de manter o estaleiro en Fene e de reclamar máis carga de traballo, lograremos coa Xunta de Galicia que en terreos que non necesita Navantia se implanten grandes empresas modernas, competitivas e de futuro, que creen máis traballo e que nos permitan non depender só do sector naval para que o noso concello prospere.
- Crearemos a **Área de Captación de Inversións** para atraer a Fene novas empresas.
- **Área de Formación para o Emprego.** Renovaremos e impulsaremos esta área para adaptala ás novas necesidades e para desenvolver o **Programa Integral de Formación para o Emprego**, que incluírá formación nas novas tecnoloxías, técnicas de busca de emprego...
- **Censo Activo de Desempregados e Bolsa de Emprego Xove.** Seguiremos e prestaremos atención personalizada ós desempregados do Concello.

## SERVIZOS XERAIS

---

- **Transporte Público Interparroquial e Metropolitano.** Crearemos un servizo municipal de autobús entre as diferentes parroquias de Fene e reclamaremos unha verdadeira liña de Cercanías de RENFE que nos conecte co resto de Ferrolterra e coa Coruña. Tamén xestionaremos a mellora do transporte ata os hospitais e o Centro de Especialidades de Ferrol.
- **Recollida do Lixo.** Melloraremos a situación dos contenedores e os percorridos dos camións. Lavaremos regularmente tódolos contenedores e iremos soterrando progresivamente os do casco urbano.
- **Auga, Alcantarillado e Alumeado para Todos e Todas.** A prioridade de cada ano, á hora de investir os cartos do concello, será levar estes servizos básicos a todas aquelas zonas que aínda carecen deles.

- **Apertura do Cemiterio os Domingos.** Como é normal, o cemiterio municipal abrirá tódolos domingos pola tarde.
- **Xulgado de Paz.** Amaño do actual edificio do Xulgado de Paz, que albergará ademais outros servizos municipais. Paralizaremos o seu traslado á Finca de Cela.
- **Servizo de Recollida de Xurro.** O concello creará un punto para depositar o xurro retirado das fosas sépticas e facilitará a súa recollida.
- **Auditoría do Servizo de Auga.** Faremos unha radiografía deste servizo (canto consumimos, canta auga se perde, cantos cartos perdemos...) que nos permita mellorar a rede de abastecemento de auga en todo o concello.
- **Xestión Pública ou de Economía Social.** Apostamos, en xeral, pola xestión pública e directa dos servizos municipais. No caso de servizos xa privatizados ou cando non sexa posible a xestión publica e directa, apostarase pola xestión a través de empresas de economía social, organizacións sen ánimo de lucro.
- **Servizos Mancomunados:** Impulsaremos a Mancomunidade de Concellos de Ferrolterra para que determinados servizos (transporte, oferta turística comarcal, caneira, oferta de chan industrial...) podan ser compartidos e cofinanciados entre os diferentes concellos da comarca.
- Crearemos un **Equipo de Persoal de Mantemento** localizado permanentemente para atender as urxencias.

## PARTICIPACIÓN CIDADÁ

---

- **Orzamento Participativo:** os veciños/as de cada parroquia decidirán cada ano en que obras queren que o Concello invista os cartos de todos/as.
- Para lograr a **participación real dos cidadáns no día a día do Concello**, crearemos ou revitalizaremos os seguintes órganos: Consello do Maior, Consello da Xuventude, Consello da Cultura, Biblioteca e o Deporte, Consello do Urbanismo Sostible, Consello Escolar, Consello Local de Saúde, Consello de Radio Fene - Radio Fusión.
- **Programa de Animación Comunitaria.** Promoveremos a participación veciñal, atendendo especialmente á dinamización das/os rapazas/ces, das mulleres, dos maiores e fomentando o asociacionismo.
- **Servizo de Información Municipal.** Aproveitando as novas tecnoloxías (telefonía móbil, correo electrónico...) e métodos tradicionais como as publicacións periódicas e os taboleiros informativos nas

parroquias, informaremos puntualmente aos cidadáns de tódolos servizos e actividades do Concello.

- **Radio Fene ó Servizo da Xente.** Programaremos un espazo na radio onde o alcalde recolla suxestións, queixas, reclamacións... dos veciños/as.

## FACENDA

---

- **Plan de Saneamento.** A partir dunha auditoría económica que nos diga a situación real das contas do Concello, elaboraremos un plan que nos indique os pasos a seguir ano a ano para superar a débeda de 6 millóns de euros (1.000 millóns de pesetas) que ten actualmente o Concello. Só así poderemos ter de novo cartos para facer obras.

- **Taxas e Impostos. Non cremos recomendable seguir incrementando as taxas e os impostos.** Apostaremos en xeral polo seu mantemento coa revisión anual do IPC, cando sexa preciso.

- **Presupostos Parroquiais.** Cada parroquia disporá dun orzamento anual que poderá destinar ás prioridades que estimen oportunas os/as veciños/as desa parroquia.

- **Solidariedade e Cooperación Internacional.** Destinaremos o 1% do orzamento anual a colaborar en proxectos de axuda a colectivos desfavorecidos e ó Terceiro Mundo.

- **Recursos do Estado.** O PSdeG-PSOE de Fene traballará por ampliar ata o 25% a parte dos Presupostos Xerais do Estado que o Goberno Central transfire ós concellos.

## MEDIO AMBIENTE

---

- **Depuración dos Vertidos e Saneamento das Rías.** Depuraremos os vertidos domésticos e industriais de tódalas parroquias para poder sanear as rías de Ares e Ferrol e rexenerar esta última, que creará así moito máis emprego e riqueza nos sectores marisqueiro, acuícola e turístico.

- **Axenda 21 Local.** Crearemos a nosa Axenda 21, que é unha serie de compromisos para acadar o desenvolvemento sostible do noso pobo, para evolucionar respectando o medio e pensando nas xeracións futuras.

- **Máis Reciclaxe.** Instalaremos colectores de plástico, papel, vidro, aceites e pilas en tódalas parroquias de Fene.

- **Protección e Mantemento dos Ríos.** Protexeremos os seus cauaces e ribeiras e loitaremos contra os vertidos ilegais. No último tramo dos ríos Cádavo e Magalofes limparemos e coidaremos regularmente

o leito para evitar as inundacións que se producen cada ano na parte baixa de Perlío.

- **Vertedoiro de Inertes.** Crearemos un punto para depositar cascallo, terras e materiais de construción.
- **Censo de Edificacións Públicas que conteñan Amianto,** para a súa substitución posterior.
- **Promoveremos a Reciclaxe e o Aforro Enerxético e de Auga,** a través de campañas de sensibilización, da normativa urbanística e do axuste das ordenanzas fiscais.

## SEGURIDADE CIDADÁ

---

- **Turno de Noite da Policía Local.** Este corpo estará 24 horas ó servizo de todos e todas nos, exercendo labores estritamente policiais (prevención da delincuencia, seguridade, control medioambiental, tráfico..) e abandonando outros que non lle son propios, como servir de choferes ós cargos públicos.
- **Reforma e renovación das instalacións e dos medios da Policía Local.**
- **Creación do Departamento de Protección Civil, Seguridade e Tráfico** e da **Xunta Veciñal de Seguridade** para a coordinación da seguridade e emerxencias do Concello.
- **Protección Civil:** Modernización, mellor organización, formación e dotación de medios axeitados para este corpo.
- **Plans de Emerxencia.** Plans que preveñan como actuar e como coordinarse en situacións de emerxencia nos edificios públicos, colexios, zonas concorridas... ou en caso de catástrofes naturais ou industriais.
- Impulso da posta en marcha do **parque de bombeiros comarcal.**
- Elaboración de **ordenanzas de prevención de incendios e ruídos** (contaminación acústica).

## SERVIZOS SOCIAIS

---

- **Oficina da Lei de Dependencia.** Nela atenderemos e asesoraremos a tódolos veciños/as que se queiran acoller ás axudas e servizos que crea a Lei de Dependencia, tanto para eles como para as persoas que os coidan.
- **Centro de Día.** Xestionaremos a creación en Fene dun centro público deste tipo, no que as familias con persoas ó seu coidado podan deixalas durante unhas horas ó día con persoal especializado.

- Xestionaremos tamén a apertura dunha **Residencia Pública da Terceira Idade**.
- **Demandaremos a apertura de Pisos Tutelados**, que permitan a persoas discapacitadas vivir soas ou, no caso de persoas maiores, que eviten, se non o desexan, o seu ingreso nunha residencia.
- **Promoveremos a implantación dun Servizo de "Comedor na Casa"** para as persoas maiores (ou dependentes).
- **Crearemos o Consello Sectorial do Maior**. As/os maiores de Fene tamén teñen algo que dicir na política municipal. A través deste consello aportarán a súa experiencia e as súas suxestións ao equipo de goberno.
- **Promoveremos o Servizo de Voluntariado do Concello**
- **Mellores Instalacións para Servizos Sociais**. Trasladaremos esta concellería a un local municipal máis axeitado e mellor dotado para o seu traballo.
- **Eliminaremos Progresivamente todo tipo de Barreiras Arquitectónicas e Lingüísticas:** funcionarios/as que dominen a lingua de signos, comunicacións oficiais en formato sonoro para os invidentes, ramplas de acceso ós edificios públicos, bordillos das beirarrúas...
- **Desenvolveranse actividades de inserción e formación para inmigrantes e programas de educación multicultural.**

## SANIDADE

---

- **Mellora do Centro de Saúde**. Solicitaremos da Xunta de Galicia a ampliación do servizo de odontoloxía, unha consulta periódica de podoloxía, servizo de análises, de Raios X, unidade de hospitalización a domicilio...
- **Crearemos o Rexistro Municipal de Listas de Espera**, para rexistrar a tódolos veciños/as que padezan esperas prolongadas e poder así realizar as xestións oportunas ante as autoridades sanitarias.
- **Consello Local de Saúde**. Ampliaremos a participación a máis colectivos e incrementaremos a frecuencia das súas xuntanzas.
- **Promoveremos a organización polos órganos competentes de cursos de formación en primeiros auxilios básicos**, para aquelas persoas que polo seu traballo (profesores, protección civil, policía locais, garda civil...) estean en contacto con grandes grupos de poboación.
- Contaremos con persoal municipal especializado en **Saúde Medioambiental**.

## MULLER

---

- Desenvolveremos o **Plan de Igualdade**, como medio para acadar a igualdade real de oportunidades entre as mulleres e os homes de Fene.
- **Crearemos a Concellería da Muller**, coa fin de acadar o benestar das mulleres fenesas, atendendo directamente aos seus problemas específicos.
- Promoveremos o **acceso da muller ó traballo** e o autoemprego en condicións de igualdade.
- **Potenciaremos a conciliación da vida familiar e laboral** adaptando o horario de atención ó público das oficinas municipais ó tempo dispoñible dos veciños e veciñas de Fene.
- Implantaremos no Concello o uso dunha **linguaxe non sexista** e promoveremos o seu emprego tamén no ámbito privado.
- Desenvolveremos actividades formativas na educación infantil, primaria e secundaria co obxecto de previr actitudes e condutas sexistas.

## XUVENTUDE

---

- **Casa da Mocidade.** Centro que centralizará tódolos servizos do concello para a mocidade: bolsa de emprego, bolsa de vivenda, locais de ensaio, exposición e traballo, información académica, sexual, cultural, de ocio...
- **Plan Integral de Xuventude.** Conxunto de medidas que aprobaremos para mellorar a emancipación, o emprego, a vivenda, o ocio e a formación da mocidade fenesa.
- **Concellería da Xuventude.** Encargada única e exclusivamente dos problemas e necesidades dos máis novos/as.
- **Servizo de Información Xuvenil**, con antenas (puntos de información) nos diferentes centros de ensino e locais parroquiais.
- **Promoción de Pisos en Aluguer para a Xente Moza.**
- **Elaboración dun Plan de Emprego Xuvenil**
- **Servizo Comarcal de Transporte Nocturno.** Servizo nocturno de bus que durante a fin de semana transportará ás/aos mozos e mozas ás zonas de ocio nocturno.

## CULTURA E NOVAS TECNOLOXÍAS

---

- **Programación Cultural Estable**, regular e atractiva ó longo do ano.
- **Prazas Dixitais**. En tódalas parroquias crearemos un punto de acceso gratuíto a Internet sen fíos (wifi), que permita a conexión libre de todos e todas tanto no interior como no exterior.
- **Fibra Óptica**. Buscaremos acordos con empresas privadas para levar o teléfono e a internet por cable ó Polígono de Vilar do Colo e ás zonas urbanas das parroquias que aínda non o teñen.
- Implantaremos unha **Axenda 21 da Cultura**. A planificación e a participación cidadá marcarán o traballo de dinamización sociocultural do noso concello.
- **Escolas Culturais**. En función da demanda, crearemos a Escola de Teatro, a Escola de Pintura e Debuxo, a Escola Municipal de Música e ofertaremos actividades formativas de idiomas.
- **As axudas e a colaboración coas entidades culturais** estará baseada no respecto e na cooperación.
- **Construiremos o Pazo da Cultura como edificio de servizos múltiples culturais**. Fene precisa dun espazo no que organizar concertos, teatro, grandes actos, conferencias, charlas, talleres de creación, ensaios.... Construiremos un proxecto adaptado ás necesidades dos cidadáns de Fene e consensuado coas entidades sociais.
- **Realizaremos unha sinalización descritiva do patrimonio** arqueolóxico, etnográfico, histórico-artístico e dos centros culturais.
- **Crearemos o Consello Local da Cultura** para que os veciños/as participen na programación cultural do Concello.
- **Apoiaremos ós creadores locais** (músicos, escritores, actores, etc.) e as iniciativas das sociedades culturais do Concello.
- **Elaboraremos e publicaremos a historia de Fene**.
- **Finalizaremos a nova páxina web do Concello de Fene**, que permitirá ós veciños/as resolver trámites administrativos a través da rede.
- **Elaboraremos unha Programación Estable de Actividades Formativas en Novas Tecnoloxías** da información e da comunicación, con accións específicas dirixidas á Terceira Idade.
- **Melloraremos a dotación da Biblioteca Municipal** e poremos en marcha actividades de animación á lectura.

- **Dixitalizaremos os fondos do Arquivo Municipal** e estudaremos a ubicación do fondo documental histórico nun local que reúna as características precisas para a súa conservación.
- Redefiniremos a programación e finalidade do **Museo do Humor**, achegándoo á cidadanía cunha programación estable durante todo o ano.
- Revitalizaremos o **Padroado de Radio Fene - Radiofusión** como órgano de participación e director da radio.
- **Melloraremos e Modernizaremos a Programación da Radio Municipal**, para achegala ós intereses de todos os veciños/as. Promoveremos os debates políticos e a retransmisión en directo dos plenos municipais.

## EDUCACIÓN

---

- **Obras de Mantemento.** Antes do inicio de cada curso programaremos as obras, labores de mantemento e necesidades de material que necesita cada centro.
- **Pistas Polideportivas.** Xestionaremos coa Xunta de Galicia a cubrición das pistas polideportivas dos centros. Esta será a nosa prioridade.
- **Parques Infantís.** Melloraremos a dotación e seguridade dos xa existentes e crearámoslos nos centros de ensino que aínda non dispoñan del.
- **Resucitar o Consello Escolar Municipal.** Reunirémolo periodicamente para que pais, alumnos, profesores e políticos podamos debater e atopar solucións ós diferentes problemas dos nosos centros.
- **Formación Profesional.** Promoción e mellora da oferta de ciclos superiores, adaptándoos ás necesidades laborais da comarca de Ferrolterra.
- **Formación Complementaria.** Formaremos ós alumnos/as de Fene nas seguintes áreas: coñecemento do entorno, promoción das actividades escénicas, sexualidade, consumo responsable, habilidades sociais, promoción de hábitos saudables, tempo de lecer, educación de xénero...
- **Escola de Dinámica Educativa.** Tamén nos preocuparemos da formación das nais e pais dos alumnos/as.

## DEPORTE

---

- **Deporte para Todos e Todas.** Promocionaremos actividades deportivas para tódalas idades e colectivos : homes, mulleres, rapaces, adultos e terceira idade.
- **Recuperar a Festa do Deporte.**
- **Escolas Deportivas.** Adaptaremos a oferta á demanda e intereses reais dos usuarios.
- **Cooperar cos centros educativos para potenciar o Deporte Escolar.**
- **Reparación e Adecentamento das Pistas Polideportivas do Concello.**
- **Mellorar as instalacións da piscina municipal** co obxecto de aproveitar todas as súas posibilidades.
- **Cooperar co deporte federado.**
- **Aproveitar as instalacións deportivas escolares para o conxunto dos veciños/as,** en horario non lectivo.

## PERSOAL

---

- Elaboraremos un **Catálogo de Postos de Traballo** que nos permita organizar mellor o concello para atender mellor ós veciños, así como coñecer as nosas necesidades de persoal para guiarnos á hora de contratar traballadores/as.
- Crearemos un **Servizo de Contratación e Compras** que se encargará de aprobar e facer tódalas compras que necesite o Concello. Así, aforraremos cartos e acabaremos co caos reinante hoxe en día.
- **Convocaremos listas de substitucións** para cubrir as vacantes temporais que xurdan e **realizaremos unha oferta de emprego axustada ás necesidades** de cada departamento, en función do novo catálogo de postos de traballo. A selección de persoal farase mediante procesos transparentes que garantan a igualdade de oportunidades.
- **Incentivaremos a formación do persoal e o uso das novas tecnoloxías.**



**novos tempos**  
**EN FENE**

[www.psoefene.org](http://www.psoefene.org)